Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas de planificación prevé adoptar a Xunta de Galicia para adaptar os catálogos de persoal docente e de apoio á evolución real do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:55:09
Nº Rexistro: 51195
Data envio: 19/02/2026 12:55:09.523

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 12:46:31

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 12:46:36

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 12:55:09
Nº Rexistro: 51195
Data envio: 19/02/2026 12:55:09.523

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 12:55:10

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
12:59
Por Ariadna Fernánde

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, **Arianda Fernández González**, **Luis Bará Torres** e **Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ao atraso na resolución das axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta (MR651A), así como á insuficiencia de crédito.

Por Luis Bará Torres
Asinado o día 19/02/2026 ás
12:59
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Orde do 30 de decembro de 2024, da Consellería do Medio Rural, estabelecéronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023 2027, e convocáronse para o ano 2025, co código de procedemento MR651A. Trátase dun instrumento central para reforzar a prevención e a xestión activa dos montes veciñais, actores chave na política forestal galega.

Asinado o día 19/02/2026 ás
12:59
Por Montserrat Valcárcel Armesto

A resolución das solicitudes corresponde á Resolución do 26 de xaneiro de 2026 da Dirección Xeral de Defensa do Monte, publicada no Diario Oficial de Galiza do 16 de febreiro de 2026. Isto implica que unhas axudas convocadas para o exercicio 2025 se resolven xa entrado o ano 2026, o que dificulta seriamente a planificación dos traballos de prevención por parte das comunidades de montes, tendo en conta que se trata de

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións que deben programarse e executarse en períodos moi concretos do ano para seren eficaces.

Cómpre lembrar que, segundo recolle a propia resolución, a Orde do 2 de xuño de 2025 xa tivo que ampliar a dotación orzamentaria destas axudas, acadando un orzamento total de 5.400.000 euros para os exercicios 2025 e 2026 (3.000.000 € no ano 2025 e 2.400.000 € no ano 2026), con cargo á aplicación 15.02.551B.770.0, código de proxecto 2024 00115, cofinanciado ao 80% polo Feader, ao 16% pola Administración xeral do Estado e ao 4% pola Xunta de Galiza, respecto ao gasto público total. Aínda así, esta ampliación resultou insuficiente para dar resposta ao conxunto da demanda existente.

No anexo II da devandita resolución relaciónanse as solicitudes denegadas ou declaradas desistidas, indicando en cada caso a causa específica. Entre estas causas figura, de maneira reiterada, a mención expresa ao “esgotamento do crédito dispoñible establecido no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 2025”, é dicir, expedientes correctamente formulados e valorados que quedan excluídos non por incumprir os requisitos, senón unicamente pola insuficiencia da dotación orzamentaria.

Esta situación é especialmente grave na provincia de Lugo, onde se concentran numerosas comunidades de montes veciñais en man común que desempeñan un papel esencial na xestión forestal e na prevención de incendios e que, malia presentaren proxectos axeitados, ven denegadas as súas solicitudes só por falta de crédito. Sen prexuízo de que a responsabilidade última da planificación orzamentaria recae na Xunta de Galiza, son estas comunidades as que sofren as consecuencias dunha política que non dimensiona correctamente o esforzo financeiro necesario para apoiar a totalidade dos proxectos que cumpren.

Cómpre salientar que a mesma problemática se reproduce no conxunto do país, con comunidades de montes noutras provincias que tamén figuran no anexo II como

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

denegadas exclusivamente por "esgotamento do crédito dispoñible". Estamos, por tanto, ante un problema estrutural: a demanda social e técnica de actuacións de prevención supera a previsión orzamentaria da Xunta, nun contexto de recorrente risco de grandes lumes, cambio climático e abandono de superficies forestais que fai imprescindible intensificar o apoio público á xestión comunitaria do monte.

Resulta contraditorio que se apelase publicamente á importancia da prevención de incendios e á implicación das comunidades de montes, ao tempo que se deixan sen apoio, por razóns puramente orzamentarias, proxectos perfectamente encaixados na filosofía da norma e que obtiveron puntuacións significativas no procedemento de concorrencia competitiva. Ademais, o atraso na resolución, coa publicación no DOG en febreiro de 2026, agrava a incerteza destas entidades, que precisan marcos temporais e financeiros previsíbeis para organizar o traballo voluntario, a contratación de servizos, a redacción de proxectos e a execución das faixas, rareos e outras actuacións subvencionábeis.

Nun país no que os montes veciñais en man común ocupan unha parte moi relevante da superficie forestal, a consistencia da política pública de prevención de incendios pasa, necesariamente, por garantir que as axudas MR651A chegan a todas as comunidades que cumpren os requisitos e presentan proxectos tecnicamente viábeis. Iso esixe, por unha banda, reducir os atrasos no procedemento para que a resolución corresponda ao exercicio para o cal se convocan as axudas e, por outra, dimensionar axeitadamente a dotación orzamentaria, ampliándoa cando sexa preciso para non deixar fóra, por mero esgotamento de crédito, un número tan significativo de comunidades.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Cal é a razón pola que a resolución das axudas reguladas pola Orde do 30 de decembro de 2024, dirixidas a montes veciñais en man común, se adoptou o 26 de xaneiro de 2026 e se publicou no DOG do 16 de febreiro de 2026, cando a convocatoria correspondía ao exercicio 2025?

2. Cantas solicitudes de comunidades de montes e agrupacións forestais de xestión conxunta quedaron excluídas da resolución de 26 de xaneiro de 2026 unicamente por ‘esgotamento do crédito dispoñible’ e cal é o importe total dos investimentos propostos que non se van apoiar por esta causa?

3. Ten previsto a Consellería do Medio Rural promover unha nova ampliación do crédito das axudas MR651A para incorporar, como beneficiarias, as comunidades de montes que quedaron fóra exclusivamente pola insuficiencia da dotación prevista na Orde do 2 de xuño de 2025?

Santiago de Compostela, á data da sintaura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/02/2026 12:59:20
Sonia Vidal Lamas na data 19/02/2026 12:59:28
Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 12:59:35
Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 12:59:42
Luis Bará Torres na data 19/02/2026 12:59:51

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:01:18
Nº Rexistro: 51200
Data envio: 19/02/2026 13:01:18.937

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:01:19

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:00
Nº Rexistro: 51206
Data envio: 19/02/2026 13:16:00.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
13:14
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego para mellorar o transporte por estrada no concello de Pazos de Borbén.

Asinado o día 19/02/2026 ás
13:14
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público é un servizo esencial que garante o dereito á mobilidade da cidadanía e o acceso en igualdade de condicións a servizos básicos como a sanidade, a educación, o emprego, a administración ou o comercio. No medio rural, onde a dispersión da poboación é maior e o uso do vehículo privado non sempre é posible, este dereito cobra unha especial relevancia.

No concello de Pazos de Borbén, a oferta actual de transporte público resulta claramente insuficiente e pouco funcional para atender as necesidades reais da veciñanza. As liñas que establece o Plan de Transporte Público de Galicia que atravesan o municipio (XG624, XG62401, XG624TB, XG698 e XG62418) caracterízanse por frecuencias moi limitadas, horarios irregulares, ausencia de servizo en franxas clave do día e escasa ou nula cobertura en fins de semana.

Asinado o día 19/02/2026 ás
13:14
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Cómpre salientar que algunhas destas liñas figuran como “servizo reducido”, o que implican que non se trata dunhas liñas regulares, senón dun servizo condicionado a días concretos, horarios moi restrinxidos e, xeralmente, vinculado ao transporte escolar

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:00
Nº Rexistro: 51206
Data envio: 19/02/2026 13:16:00.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou a usos moi específicos. Este tipo de servizo non garante un dereito efectivo á mobilidade nin pode considerarse unha solución real para o conxunto da poboación.

Así mesmo, o chamado servizo baixo demanda, limita na práctica o acceso ao transporte público ao existir unha única expedición diaria en días laborables, o que resulta claramente insuficiente nun concello con varias parroquias e cunha poboación envellecida que precisa desprazarse con regularidade. Na práctica este concello apenas conta con dúas ou tres frecuencias diarias a Vigo (en función do día da semana) ou o Hospital Álvaro Cunqueiro en cada sentido, e tres frecuencias a Pontevedra en cada sentido en días laborábeis.

Esta situación contribúe ao illamento do concello de Pazos de Borbén, dificulta a fixación de poboación, penaliza especialmente ás persoas maiores, á mocidade e a quen non dispón de vehículo propio, e vai en contra de calquera discurso serio sobre cohesión territorial ou loita contra o despoboamento.

O goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano, ten a obriga de garantir un servizo público digno, regular e adaptado ás características e necesidades do rural galego. Para iso, resulta imprescindible unha planificación específica que teña en conta a realidade de concellos como Pazos de Borbén.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Pensa o goberno galego atender ás demandas da veciñanza de Pazos de Borbén con respecto á mellora do transporte público por estrada?

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:00
Nº Rexistro: 51206
Data envio: 19/02/2026 13:16:00.835

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o goberno galego que se está a prestar un servizo de transporte axeitado para toda a poboación de Pazos de Borbén?

- Cre o goberno que os servizos reducidos distorsionan a realidade do servizo xeral que se presta?

- Está disposto o goberno galego a mellorar o Plan de Mobilidade galego para que contemple unha mellor conexión de Pazos de Borbén cos principais núcleos de referencia?

- Cre o goberno que a veciñanza de Pazos segue a ter dereito á mobilidade na fin de semana? Por que non amplían os servizos á fin de semana?

- Pensa o goberno reforzar o servizo baixo demanda?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:00
Nº Rexistro: 51206
Data envio: 19/02/2026 13:16:00.835

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/02/2026 13:14:42

Alexandra Fernández Gómez na data 19/02/2026 13:14:48

Paulo Ríos Santomé na data 19/02/2026 13:14:56

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:16:00
Nº Rexistro: 51206
Data envio: 19/02/2026 13:16:00.835

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:16:01

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:18:49
Nº Rexistro: 51211
Data envio: 19/02/2026 13:18:49.194

PSG PSOE

Asinado o día 19/02/2
13:12
Por Aitor Bouza Mans

Á Mesa do Parlamento

Lara Méndez López, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª.**

Asinado o día 19/02/2026 ás
13:12
Por Silvia Longueira Castro

A Muralla Romana de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000, constitúe un dos bens culturais máis relevantes de Galicia e unha responsabilidade directa da Xunta de Galicia como administración competente na súa conservación e mantemento.

No ano 2023, o Goberno galego licitou a redacción do primeiro Plan Director integral deste monumento, comprometéndose publicamente a presentalo no ano 2025 coincidindo co 25 aniversario da súa declaración como Ben Patrimonio da Humanidade. Porén, a día de hoxe, nada se sabe do contido deste documento nin foi presentado oficialmente.

Dende o PSdeG temos solicitado á Xunta, ao abeiro do artigo 9 da Lei de Transparencia, a entrega íntegra deste Plan Director, elaborado, segundo manifestacións públicas, sen diálogo nin participación institucional co Concello de Lugo, así como os informes técnicos e avaliacións máis recentes sobre o estado de conservación do monumento, o plan actualmente en vigor e a relación detallada das obras e actuacións xa executadas xunto coas intervencións pendentes de desenvolver.

Asinado o día 19/02/2026 ás
13:11
Por Lara Méndez López

Esta solicitude produciuse tras o derrubamento dun tramo da Muralla na zona da Rúa do Moucho, feito que incrementou a preocupación social sobre o estado

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:18:49
Nº Rexistro: 51211
Data envio: 19/02/2026 13:18:49.194

PSG DE PSOE

estrutural do monumento. Resultan especialmente chamativas as declaracións do director xeral de Patrimonio Cultural afirmando que o Plan Director “non é un texto para a divulgación”, tratándose dun documento que debe constituír a folla de ruta para garantir a estabilidade, conservación e seguridade dun ben Patrimonio da Humanidade.

O Plan Director, segundo foi anunciado pola propia Xunta, debe identificar con precisión as condicións estruturais e as patoloxías do monumento, establecer unha programación periódica de mantemento con dotación orzamentaria suficiente, fixar medidas de prevención fronte a riscos climáticos e desastres, así como protocolos de seguridade e actuación ante emerxencias e accións de protección fronte a actos vandálicos. A demora na súa presentación e posta en marcha, unida aos episodios recentes de deterioración, evidencia a necesidade urxente de contar cun instrumento público, transparente e operativo que dea cumprimento ás esixencias da UNESCO en materia de xestión de bens Patrimonio da Humanidade.

A transparencia, a participación institucional e a rendición de contas son principios básicos na xestión do patrimonio cultural e non poden quedar subordinados a decisións unilaterais nin a anuncios que non se concretan.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cando vai facer público de maneira íntegra e inmediata o Plan Director da Muralla Romana de Lugo?

2. En que data vai remitir ao Parlamento a documentación completa relativa ao plan actualmente en vigor?

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:18:49
Nº Rexistro: 51211
Data envio: 19/02/2026 13:18:49.194

PSG PSOE

3. Ten previsto publicar os informes técnicos e avaliacións máis recentes sobre o estado de conservación do monumento?

4. Vai facilitar a relación detallada das obras executadas e das actuacións pendentes, incluíndo cronograma e dotación orzamentaria?

5. Que vai facer para garantir a participación do Concello de Lugo e dos colectivos vinculados á Muralla no desenvolvemento e seguimento do Plan Director?

6. Está a valorar establecer un sistema periódico de rendición de contas ante o Parlamento sobre o estado de conservación da Muralla?

Santiago de Compostela, a 19 de Febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:18:49
Nº Rexistro: 51211
Data envio: 19/02/2026 13:18:49.194

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 19/02/2026 13:11:59
Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:12:04
Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:12:11

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:18:49
Nº Rexistro: 51211
Data envio: 19/02/2026 13:18:49.194

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:18:50

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:30:48
Nº Rexistro: 51217
Data envio: 19/02/2026 13:30:48.892

PSG DE PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font** , deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a composición actual do Observatorio da Vivenda de Galicia, detallando as entidades, organismos e sectores representados?

Santiago de Compostela, a 19 de Febreiro de 2026

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:16
Por Carlos López Font

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:15
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:30:48
Nº Rexistro: 51217
Data envio: 19/02/2026 13:30:48.892

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:15:57

Carlos López Font na data 19/02/2026 13:16:03

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:30:48
Nº Rexistro: 51217
Data envio: 19/02/2026 13:30:48.892

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:30:49

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:31:11
Nº Rexistro: 51218
Data envio: 19/02/2026 13:31:11.406

PSG DE PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Carlos López Font** , deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que norma xurídica vixente regula actualmente a composición, organización e funcionamento do Observatorio da Vivenda de Galicia?

Santiago de Compostela, a 19 de Febreiro de 2026

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:14
Por Carlos López Font

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:13
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:31:11
Nº Rexistro: 51218
Data envio: 19/02/2026 13:31:11.406

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:13:50

Carlos López Font na data 19/02/2026 13:14:02

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:31:11
Nº Rexistro: 51218
Data envio: 19/02/2026 13:31:11.406

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:31:12

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 51221
Data envio: 19/02/2026 13:32:13.952

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de garantir o dereito á mobilidade no CEIP Rosalía de Castro da Coruña.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:31
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai semanas o ascensor do CEIP Rosalía de Castro da Coruña non funciona, ocasionando un gravísimo prexuízo ao alumnado deste centro que ten mobilidade reducida e debe deslocarse a través dos diferentes andares durante a xornada lectiva.

A Xunta de Galiza e o Concello da Coruña volven pasarse o balón mutuamente sen solucionar o problema.

Os días pasan e a comunidade educativa xa non atura máis esta situación. Por iso, no día de hoxe, manifestáronse na porta do colexio clamando por un colexio accesíbel.

A falta de sensibilidade e responsabilidade do goberno local e autonómico confírmase no agravio que están a provocar. De feito, se isto non se amaña con celeridade, a dirección do centro verase obrigada a reestruturar a actividade académica para garantir o dereito da rapazada a asistir a clase autonomamente, porque o que non se pode permitir é que as persoas que se teñen que desprazar en cadeira de rodas se vexan obrigadas a seren mobilizadas a pulso.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:31
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 51221
Data envio: 19/02/2026 13:32:13.952

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- É a accesibilidade e a mobilidade nos centros educativos un dereito fundamental para a Xunta?

- É consciente o goberno da Xunta do gravísimo problema de accesibilidade deste centro educativo?

- Desde cando é coñecedor desta deficiencia nunha infraestrutura clave para garantir a mobilidade interna no colexio?

- É consciente da desatención educativa que está a provocar no alumnado?

- Por que non está actuando a Xunta para garantir o dereito do alumnado do CEIP Rosalía de Castro a asistir a clase autonomamente?

- Está en contacto a Xunta co goberno local para asegurarse de que cumpra coa responsabilidade competencial que lle atribúe o artigo 25 da Lei de bases de réxime local a respecto da conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial?

- Cando se compromete a Xunta a resolver este problema?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 51221
Data envio: 19/02/2026 13:32:13.952

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/02/2026 13:31:19

Cristina Fernández Davila na data 19/02/2026 13:31:25

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:32:13
Nº Rexistro: 51221
Data envio: 19/02/2026 13:32:13.952

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:32:14

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:40:30
Nº Rexistro: 51229
Data envio: 19/02/2026 13:40:30.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a estrada PO205.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:39
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas viarias teñen grande importancia no país, máis aínda no caso dos concellos e comarcas onde a única forma de mobilidade é a través do vehículo propio por falla doutro tipo de conexión, por exemplo a ferroviaria. Deste xeito, cobra moita relevancia o estado das estradas en xeral, con especial énfase nas que teñen unha elevada carga de tráfico ou actúan de nexo entre nacionais, autoestradas e autovías ou instalacións que son de elevado uso para os veciños e veciñas das zonas que conectan.

É este o caso dunha das estradas de titularidade autonómica que pasa a carón de Silleda, a PO 205. Esta vía, que conecta a vila coa AP 53 e a N 525, levando a cabo a función de circunvalación, amosa un estado de total falla de conservación, especialmente nun tramo de 1300 metros aproximadamente no que se inclúe unha rotonda que da acceso ao recinto feiral da Semana Verde de Galiza, co que iso implica en canto ao tráfico, que aumenta significativamente cada semana derivado da celebración da feira de gando e no resto de eventos que alí teñen lugar.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:39
Por Ariadna Fernández González

Esta importancia estratéxica implica unha necesidade prioritaria na conservación da vía na súa totalidade, con especial atención á capa de rodadura que actualmente presenta deficiencias graves, con grande cantidade de fochancas e desniveis que

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:40:30
Nº Rexistro: 51229
Data envio: 19/02/2026 13:40:30.115

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complican a circulación dos vehículos, que non se está a levar a cabo e ocasiona problemas no seu uso.

En consecuencia formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Considera a Xunta de Galiza que o estado da PO 205 ao seu paso por Silleda garante o seu uso tendo en conta as deficiencias que presenta, especialmente na capa de rodadura?

. Prevé a Xunta de Galiza corrixir as deficiencias que presenta a PO 205 ao seu paso por Silleda nos vindeiros meses evitando que chegue neste estado ao próximo inverno?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:40:30
Nº Rexistro: 51229
Data envio: 19/02/2026 13:40:30.115

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 13:39:33

Luis Bará Torres na data 19/02/2026 13:39:40

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 13:40:30
Nº Rexistro: 51229
Data envio: 19/02/2026 13:40:30.115

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 13:40:30

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51237
Data envio: 19/02/2026 14:02:29.592

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva constitúe un dos piares fundamentais dun sistema educativo xusto e equitativo. Garantir que o alumnado con necesidades educativas especiais reciba unha atención axeitada, personalizada e adaptada ás súas características é unha obriga legal e unha responsabilidade política ineludible. O dereito á educación en igualdade de condicións esixe recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso coa inclusión real.

O alumnado con necesidades educativas require apoios específicos e especializados para poder desenvolver o seu proceso de aprendizaxe en condicións de equidade. A atención a este alumnado non pode depender da improvisación nin da dispoñibilidade puntual de recursos, senón que debe estar sustentada nunha planificación baseada en datos actualizados, completos e transparentes.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse cambios relevantes no sistema educativo galego, tanto en termos demográficos como na detección e identificación das necesidades educativas especiais. Coñecer con precisión a evolución do número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais ao longo destes anos resulta imprescindible para avaliar se os recursos humanos e materiais destinados pola Xunta de Galicia foron proporcionais ás necesidades reais existentes.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:52
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51237
Data envio: 19/02/2026 14:02:29.592

PSG PSOE

A garantía dunha educación inclusiva efectiva pasa necesariamente por dispoñer de profesorado suficiente e especializado, particularmente en Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación educativa e persoal coidador, que permita ofrecer unha resposta individualizada e de calidade. Sen datos públicos e desagregados por anos e territorios non é posible realizar un control parlamentario rigoroso nin asegurar que a planificación educativa responde á evolución real deste alumnado.

A transparencia na información educativa é unha condición indispensable para garantir a igualdade de oportunidades e para avanzar cara a un modelo educativo verdadeiramente inclusivo, no que o alumnado con necesidades educativas especiais conte cos apoios necesarios para o seu pleno desenvolvemento persoal e académico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal foi o número total de alumnado con necesidades educativas especiais en Galicia dende o curso 2009-2010 ata o curso actual, desagregado por ano, concello e etapa educativa?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51237
Data envio: 19/02/2026 14:02:29.592

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:52:37

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:52:43

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51237
Data envio: 19/02/2026 14:02:29.592

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 14:02:30

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51241
Data envio: 19/02/2026 14:03:43.215

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva constitúe un dos piares fundamentais dun sistema educativo xusto e equitativo. Garantir que o alumnado con necesidades educativas especiais reciba unha atención axeitada, personalizada e adaptada ás súas características é unha obriga legal e unha responsabilidade política ineludible. O dereito á educación en igualdade de condicións esixe recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso coa inclusión real.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:52
Por Silvia Longueira Castro

O alumnado con necesidades educativas require apoios específicos e especializados para poder desenvolver o seu proceso de aprendizaxe en condicións de equidade. A atención a este alumnado non pode depender da improvisación nin da dispoñibilidade puntual de recursos, senón que debe estar sustentada nunha planificación baseada en datos actualizados, completos e transparentes.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse cambios relevantes no sistema educativo galego, tanto en termos demográficos como na detección e identificación das necesidades educativas especiais. Coñecer con precisión a evolución do número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais ao longo destes anos resulta imprescindible para avaliar se os recursos humanos e materiais destinados pola Xunta de Galicia foron proporcionais ás necesidades reais existentes.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:52
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51241
Data envio: 19/02/2026 14:03:43.215

PSG PSOE

A garantía dunha educación inclusiva efectiva pasa necesariamente por dispoñer de profesorado suficiente e especializado, particularmente en Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación educativa e persoal coidador, que permita ofrecer unha resposta individualizada e de calidade. Sen datos públicos e desagregados por anos e territorios non é posible realizar un control parlamentario rigoroso nin asegurar que a planificación educativa responde á evolución real deste alumnado.

A transparencia na información educativa é unha condición indispensable para garantir a igualdade de oportunidades e para avanzar cara a un modelo educativo verdadeiramente inclusivo, no que o alumnado con necesidades educativas especiais conte cos apoios necesarios para o seu pleno desenvolvemento persoal e académico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que o incremento ou variación do alumnado con necesidades educativas especiais foi acompañado dun aumento proporcional nos recursos humanos especializados?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51241
Data envio: 19/02/2026 14:03:43.215

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:52:50

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:52:56

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51241
Data envio: 19/02/2026 14:03:43.215

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 14:03:44

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51246
Data envio: 19/02/2026 14:05:02.948

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A educación inclusiva constitúe un dos piares fundamentais dun sistema educativo xusto e equitativo. Garantir que o alumnado con necesidades educativas especiais reciba unha atención axeitada, personalizada e adaptada ás súas características é unha obriga legal e unha responsabilidade política ineludible. O dereito á educación en igualdade de condicións esixe recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso coa inclusión real.

O alumnado con necesidades educativas require apoios específicos e especializados para poder desenvolver o seu proceso de aprendizaxe en condicións de equidade. A atención a este alumnado non pode depender da improvisación nin da dispoñibilidade puntual de recursos, senón que debe estar sustentada nunha planificación baseada en datos actualizados, completos e transparentes.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse cambios relevantes no sistema educativo galego, tanto en termos demográficos como na detección e identificación das necesidades educativas especiais. Coñecer con precisión a evolución do número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais ao longo destes anos resulta imprescindible para avaliar se os recursos humanos e materiais destinados pola Xunta de Galicia foron proporcionais ás necesidades reais existentes.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:53
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:53
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51246
Data envio: 19/02/2026 14:05:02.948

PSG PSOE

A garantía dunha educación inclusiva efectiva pasa necesariamente por dispoñer de profesorado suficiente e especializado, particularmente en Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación educativa e persoal coidador, que permita ofrecer unha resposta individualizada e de calidade. Sen datos públicos e desagregados por anos e territorios non é posible realizar un control parlamentario rigoroso nin asegurar que a planificación educativa responde á evolución real deste alumnado.

A transparencia na información educativa é unha condición indispensable para garantir a igualdade de oportunidades e para avanzar cara a un modelo educativo verdadeiramente inclusivo, no que o alumnado con necesidades educativas especiais conte cos apoios necesarios para o seu pleno desenvolvemento persoal e académico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia establecer un sistema estable de publicación periódica do alumnado con necesidades educativas especiais con desagregación territorial e histórica?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51246
Data envio: 19/02/2026 14:05:02.948

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:53:03

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:53:08

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51246
Data envio: 19/02/2026 14:05:02.948

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 14:05:03

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51250
Data envio: 19/02/2026 14:06:05.920

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**.

A educación inclusiva constitúe un dos piares fundamentais dun sistema educativo xusto e equitativo. Garantir que o alumnado con necesidades educativas especiais reciba unha atención axeitada, personalizada e adaptada ás súas características é unha obriga legal e unha responsabilidade política ineludible. O dereito á educación en igualdade de condicións esixe recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso coa inclusión real.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:53
Por Silvia Longueira Castro

O alumnado con necesidades educativas require apoios específicos e especializados para poder desenvolver o seu proceso de aprendizaxe en condicións de equidade. A atención a este alumnado non pode depender da improvisación nin da dispoñibilidade puntual de recursos, senón que debe estar sustentada nunha planificación baseada en datos actualizados, completos e transparentes.

Dende o ano 2009 ata a actualidade producíronse cambios relevantes no sistema educativo galego, tanto en termos demográficos como na detección e identificación das necesidades educativas especiais. Coñecer con precisión a evolución do número de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais ao longo destes anos resulta imprescindible para avaliar se os recursos humanos e materiais destinados pola Xunta de Galicia foron proporcionais ás necesidades reais existentes.

Asinado o día 19/02/2026 ás 13:53
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51250
Data envio: 19/02/2026 14:06:05.920

PSG PSOE

A garantía dunha educación inclusiva efectiva pasa necesariamente por dispoñer de profesorado suficiente e especializado, particularmente en Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, orientación educativa e persoal coidador, que permita ofrecer unha resposta individualizada e de calidade. Sen datos públicos e desagregados por anos e territorios non é posible realizar un control parlamentario rigoroso nin asegurar que a planificación educativa responde á evolución real deste alumnado.

A transparencia na información educativa é unha condición indispensable para garantir a igualdade de oportunidades e para avanzar cara a un modelo educativo verdadeiramente inclusivo, no que o alumnado con necesidades educativas especiais conte cos apoios necesarios para o seu pleno desenvolvemento persoal e académico.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas de planificación prevé adoptar o Goberno galego para adaptar os catálogos de persoal docente e de apoio á evolución real do alumnado con necesidades educativas especiais?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51250
Data envio: 19/02/2026 14:06:05.920

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 13:53:15

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 13:53:20

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51250
Data envio: 19/02/2026 14:06:05.920

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 14:06:06

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51254
Data envio: 19/02/2026 16:04:45.144

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 19/02/20
Por María Magdalena F
Millares
Por Patricia García González
Asinado o día 19/02/2026 ás 16:03
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 19/02/2026 ás 16:03
Por María Nazaret Cendán Gayoso

Á Mesa do Parlamento

Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Aixola, dependente da Consellería do Mar e xestionado polo Centro Tecnolóxico do Mar, é o centro de formación especializado de Galicia para o sector marítimo-pesqueiro.

O proxecto académico da Aixola combina capacitación técnica en áreas como redes de pesca, carpintería naval en madeira, electricidade, hidráulica e mecánica naval, xunto a competencias máis transversais relacionadas coa prevención de riscos laborais, a igualdade ou a sustentabilidade. Un enfoque de traballo que reforza o tecido social da contorna, a través de múltiples colaboracións articuladas con outras administracións e organismos, tanto para a selección de proxectos de traballo en taller, como a captación de usuarios, a orientación das accións formativas ás necesidades reais das empresas ou a realización de prácticas. Tamén incide na inclusión social, apoiando a integración de colectivos en risco de exclusión e fomentando a igualdade de xénero nas actividades con maior segregación.

Todo isto trouxo consigo que a súa traxectoria, de máis de 25 anos, alcanzase cifras récord de participación e de inserción laboral, tal e como reflicte o informe do que deu conta o Consello da Xunta o 16 de febreiro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51254
Data envio: 19/02/2026 16:04:45.144

PARLAMENTO DE GALICIA

Que balance fai a Consellería do Mar sobre a súa política pública de formación no eido marítimo-pesqueiro e, en particular, da que se imparte no centro de formación A Aixola?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51254
Data envio: 19/02/2026 16:04:45.144

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 19/02/2026 16:03:05
Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/02/2026 16:03:15
Maria Magdalena Perez Millares na data 19/02/2026 16:03:23
Jesús María Fernández Rosende na data 19/02/2026 16:03:35
Patricia García González na data 19/02/2026 16:03:46
Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/02/2026 16:03:55
Paula Mouzo Mas na data 19/02/2026 16:04:07
Raúl Santamaría González na data 19/02/2026 16:04:20
Manuel Santos Costa na data 19/02/2026 16:04:32

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51254
Data envio: 19/02/2026 16:04:45.144

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:04:47

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51256
Data envio: 19/02/2026 16:09:57.207

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 19/02/20
Por María Magdalena F
Millares
Por Patricia García González
Asinado o día 19/02/2026 ás 16:08
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 19/02/2026 ás 16:08
Por María Nazaret Cendán Gayoso

Á Mesa do Parlamento

Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Conferencia de Rexións Marítimas Periféricas (CPMR) reúne na actualidade a máis de 150 autoridades rexionais de 24 países da Unión Europea e máis alá, representando arredor de 200 millóns de persoas.

Desde a súa creación no ano 1973, e con máis de 50 anos de historia, a CPMR traballou para garantir que as necesidades e intereses das súas rexións membro se reflictan nas políticas da UE con un impacto territorial significativo.

Organizada en comisións xeográficas, a CPMR actúa tanto como grupo de reflexión como de lobby, promovendo un desenvolvemento territorial máis equilibrado en toda Europa. Céntrase en áreas clave como a política de cohesión, os asuntos marítimos e o crecemento azul, o transporte e a accesibilidade, a enerxía e o cambio climático, e a gobernanza europea.

A CPMR produce posicións políticas baseadas nas achegas dos seus membros e apoia a súa defensa con estudos, análises e documentos técnicos. A través da súa ampla rede de contactos nas institucións da UE e nos gobernos nacionais, a CPMR defende o papel das rexións como actores lexítimos con fortes competencias e experiencia na configuración da política europea.

Para Galicia, o sector marítimo pesqueiro é estratéxico, e é esencial que os obxectivos ambientais da política pesqueira estean en equilibrio cos sociais e económicos. Unha cuestión que a comunidade defende desde que Galicia foi designada a ostentar a presidencia do Grupo Central de Traballo Marítimo e de Pesca da CRPM.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51256
Data envio: 19/02/2026 16:09:57.207

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Consellería do Mar sobre o papel que está a desempeñar no Grupo Central de Traballo Marítimo e de Pesca da CRPM desde que Galicia foi designada presidenta?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51256
Data envio: 19/02/2026 16:09:57.207

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 19/02/2026 16:08:25
Miguel Fidalgo Iglesias na data 19/02/2026 16:08:34
Maria Magdalena Perez Millares na data 19/02/2026 16:08:43
Jesús María Fernández Rosende na data 19/02/2026 16:08:53
Patricia García González na data 19/02/2026 16:09:02
Dolores Hermelo Piñeiro na data 19/02/2026 16:09:11
Paula Mouzo Mas na data 19/02/2026 16:09:22
Raúl Santamaría González na data 19/02/2026 16:09:32
Manuel Santos Costa na data 19/02/2026 16:09:43

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51256
Data envio: 19/02/2026 16:09:57.207

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:09:58

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51259
Data envio: 19/02/2026 16:23:37.543

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a posta en funcionamento do punto de encontro familiar de Verín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son ferramentas impulsadas para dar cumprimento do autogoberno en materia de política social e de protección das e dos menores que ten o noso país, que ostenta a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Tal e como se recolle no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar, a Xunta de Galiza, xa desde o ano 2001, afronta o financiamento dunha rede de puntos de encontro "para garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de xeito exponencial.

Os puntos de encontro familiar son un servizo social que trata de preservar a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise, ofertando o equipamento para o cumprimento de visitas tuteladas, visitas supervisadas e entregas e recollidas de menores, entre outras funcións que alí se desenvolven.

Malia ser un servizo de vital importancia no eido familiar, a realidade é que só se conta con Puntos de Encontro Familiar nas sete cidades galegas e un na vila de Ribeira. Isto provoca que haxa territorios dentro do país que teñen o acceso aos PEF moito máis

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:22
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:22
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51259
Data envio: 19/02/2026 16:23:37.543

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complicado que noutros casos, precisando desprazarse, como é o caso do de Verín, moito máis dunha hora para acudir ao servizo de referencia, co que iso implica tanto nos custes económicos coma de tempo, tendo en conta que os que se desprazan non son tan só adultos, senón tamén os menores, en moitos casos de curta idade.

A apertura do Punto de Encontro Familiar de Verín, cuxas instalacións tería que dar servizo a nivel supramunicipal, é un anuncio recorrente nos últimos anos por parte da Consellería de Política Social. A realidade é que o anuncio do PEF de Verín é unha promesa reiterada e incumprida que comezou no 2022, cando se lanzou o compromiso por parte do goberno galego desta dotación; posteriormente no 2023 xa se poñía data para a súa entrada en funcionamento no propio ano 2023 e tamén se propuña o local para albergar dito punto. Este servizo estaría situado en Verín nunhas edificacións en desuso titularidade da propia Xunta de Galiza.

Malia considerarse de grande utilidade e aforrar moitas viaxes, longos desprazamentos, custos e tempo para as usuarias e usuarios e ás familias que o precisarían, non se produciu a súa apertura nese ano 2023 para o cal fora anunciada inicialmente. Posteriormente volve a anunciarse, nesa ocasión, co compromiso da súa entrada en funcionamento no 2024 e desta tampouco foi. A propia Conselleira de Política Social visitou as instalacións do PEF xa rematadas en setembro do 2024 no que destacou o investimento de 240.000 € nas instalacións anunciando que estaría en funcionamento no primeiro trimestre do 2025. Pero tampouco desta vez se puxo en funcionamento e volveu a atrasarse a posta en funcionamento.

Estamos no 2026 e non coñecemos o momento da súa posta en funcionamento. A gravidade desta actuación da consellería demostra unha vez máis a súa falla de interese polos problemas sociais e a atención as familias afectadas. En definitiva, é unha burla as familias que teñen necesidade deste servizo.

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51259
Data envio: 19/02/2026 16:23:37.543

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

• Por que a Xunta de Galiza non pon en funcionamento o PEF de Verín?

• Cales son os problemas para que se dilate no tempo unha posta en funcionamento que estaba prevista inicialmente para o ano 2023?

• Por que a conselleira de Política Social se burla deste xeito das familias afectadas e que poderían acudir a este punto de encontro familiar?

• Considera a Xunta de Galiza que as familias residentes en Verín e nas comarcas próximas da Limia, Monterrei, Viana teñen dereito a un PEF?

• Considera a Xunta de Galiza que esta neglixente actuación é unha actitude "normal" coas familias e os menores que necesitan este servizo?

• Podería indicar a Xunta de Galiza en que datas estará en funcionamento o PEF de Verín?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51259
Data envio: 19/02/2026 16:23:37.543

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 16:22:48

Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 16:22:55

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51259
Data envio: 19/02/2026 16:23:37.543

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:23:38

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:21
Nº Rexistro: 51269
Data envio: 19/02/2026 16:49:21.811

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 19/02/2
16:48
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mellora de seguridade viaria e peonil na PO-261 ao seu paso polo lugar de A Ermida no concello de Covelo.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:48
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-261 entre Mondariz e Maceira no concello de Covelo, cunha lonxitude de 16 km. transcorre por lugares como o da Ermida en Covelo, onde a administración local ten realizado unha humanización da súa praza e contorna, facendo deste espazo un lugar de encontro e descanso das veciñas e veciños.

Este lugar da Ermida é moi frecuentado pola veciñanza da Vila e por visitantes que se achegan á Casa Museo Pazo da Cruz situado a escasos metros, sede do Centro de Estudos da Paradanta e O Condado e dos Premios Cumbres do Suído. O mesmo acontece coa PO-261 como vial principal que comunica o barrio da Ermida co centro urbano de Covelo, pola que se desprazan a pé pola beirarrúa para dirixirse ao Centro de Saúde, facer visitas á residencia de maiores, compras, xestións nas oficinas bancarias ou outros servizos.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:48
Por Cristina Fernández Davila

Polo tanto, é unha necesidade vital para as persoas que fan este percorrido a diario que esta estrada autonómica estea nas mellores condicións posible para que o traslado de apenas 2 km sexa o máis agradable e seguro posible. Para iso é necesario que a Xunta de Galiza faga unhas pequenas actuacións que melloren a situación actual.

Este tramo precisa un mantemento periódico da arboreda para que non invada a

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:21
Nº Rexistro: 51269
Data envio: 19/02/2026 16:49:21.811

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calzada e non estorbe ao paso diario dos autobuses de liña regular e tamén escolares. Limpar, actualizar e mellorar as beirarrúas, así como a instalación de pasos de peóns elevados na zona máis habitada tamén sería fundamental para dotala de seguridade para os vehículos e para protexer a vida das persoas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Vai o goberno da Xunta elaborar un estudo que conte coa participación cidadá que valore a mellor opción para dotar de seguridade viaria e peonil a estrada autonómica PO-261 no que se contemplen accións que supoñan a redución de velocidade no vial ao seu paso polo lugar da Ermida no Concello de Covelo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:21
Nº Rexistro: 51269
Data envio: 19/02/2026 16:49:21.811

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 19/02/2026 16:48:21

Luis Bará Torres na data 19/02/2026 16:48:27

Paulo Ríos Santomé na data 19/02/2026 16:48:36

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:49:21
Nº Rexistro: 51269
Data envio: 19/02/2026 16:49:21.811

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:49:22

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:37
Nº Rexistro: 51274
Data envio: 19/02/2026 16:58:37.822

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 19/02/2
16:56
Por José Mato Díaz

Gándara

Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes** sobre a declaración conxunta asinada pola Xunta de Galicia e as organizacións Asaga e Unións Agrarias para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:56
Por María Encarnación Amigo
Díaz

O recente acordo de libre comercio acadado entre a Unión Europea e os países que integran o Mercosur está xerando unha lexítima preocupación no sector agroalimentario. Pese a ser un dos tratados que máis tempo se leva negociando (máis de 25 anos) e que inclúe garantías para o sector, é tamén unha realidade innegable as diferentes manifestacións dos profesionais do agro que se teñen producido nos últimos meses para mostrar a súa preocupación.

Neste contexto, a Xunta de Galicia vén de asinar coas organizacións agrarias unha declaración conxunta para demandar unha aplicación práctica reforzada do acordo UE-Mercosur e as súas cláusulas de salvagarda, en caso de que entre en vigor o tratado. Foi nunha xuntanza presidida polo titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, na que estivo acompañado da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e os representantes das organizacións asinantes.

O acordo acadado é un avance moi significativo por canto supón unha posición conxunta de Galicia para trasladar 11 peticións moi explícitas á UE e ao Goberno de España, así como compromisos da propia administración autonómica, para protexer e impulsar o sector primario galego diante deste novo escenario.

A declaración implica a esixencia do cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda e do seu regulamento, a maiores dunha serie de garantías verificables e esixibles que se concretan no declaración conxunta asinada e que teñen por obxectivo unha actuación rápida e reforzada do acordo para protexer o sector primario. Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sempre defendemos que para avalar unha aplicación provisional do acordo é imprescindible que se blinde o cumprimento destas esixencias.

Asinado o día 19/02/2026 ás
16:56
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:37
Nº Rexistro: 51274
Data envio: 19/02/2026 16:58:37.822

Entre as medidas máis salientables se destaca a necesidade de controis en fronteira reforzados, auditorías en orixe e, moi especialmente, o recoñecemento de que se poida actuar ante un "dano limitado a unha zona xeográfica en concreto", como é o caso de Galicia, sen ter que agardar a unha crise de alcance europeo.
Asemade, reclámase ao Ministerio que eleve de xeito urxente calquera problemática á Comisión se ten sospeita dalgún incumprimento e que manteña aberta unha interlocución constante coas comunidades autónomas.

Así mesmo, a Xunta comprometeu medidas propias como o reforzo da promoción interna, a creación do Observatorio de Prezos e o impulso da autonomía alimentaria das explotacións.

En definitiva, unha acción conxunta e consensuada para preservar sempre os intereses dos nosos gandeiros e agricultores. Adiantándonos incluso ao Goberno central, que segue sen concretar que vai facer diante deste escenario.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:37
Nº Rexistro: 51274
Data envio: 19/02/2026 16:58:37.822

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 19/02/2026 16:56:41
María Encarnación Amigo Díaz na data 19/02/2026 16:56:50
José Mato Díaz na data 19/02/2026 16:56:56
Enrique Barreiro Sánchez na data 19/02/2026 16:57:01
Cristina Campero Dorado na data 19/02/2026 16:57:09
Juan Manuel Casares Gándara na data 19/02/2026 16:57:14
Nicole Grueira Fernández na data 19/02/2026 16:57:22
Ángel Rodríguez Conde na data 19/02/2026 16:57:28
Cecilia Vázquez Suárez na data 19/02/2026 16:57:35

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:37
Nº Rexistro: 51274
Data envio: 19/02/2026 16:58:37.822

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:58:38

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:02:43
Nº Rexistro: 51281
Data envio: 19/02/2026 17:02:43.945

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Nos últimos cursos escolares, a comunidade educativa galega vén denunciando reiteradamente que o comezo das clases prodúcese con faltas de profesorado en numerosos centros, con especial incidencia en especialidades como Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación ou en determinadas materias da educación primaria e secundaria. Do mesmo xeito, repítense problemas derivados dunha planificación insuficiente das necesidades de transporte, comedor escolar ou dotación de persoal non docente.

A planificación do curso escolar non pode iniciarse no mes de setembro nin depender de axustes de última hora. Un sistema educativo rigoroso e eficaz require que, unha vez finalizado o curso académico, a Consellería de Educación realice unha avaliación pormenorizada das necesidades de cada centro educativo en materia de persoal docente e non docente, infraestruturas, servizos complementarios e atención á diversidade, de maneira que o novo curso comece con todos os recursos necesarios plenamente asignados.

Esta planificación debe realizarse en diálogo permanente coa comunidade educativa, co fin de coñecer de primeira man as necesidades reais de cada centro e garantir que as decisións adoptadas respondan á realidade do territorio e non a estimacións administrativas afastadas do día a día dos centros educativos.

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:59
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:59
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:02:43
Nº Rexistro: 51281
Data envio: 19/02/2026 17:02:43.945

PSG DE PSOE

A ausencia dunha planificación anticipada e consensuada provoca incerteza nas direccións dos centros, sobrecarga no profesorado, malestar nas familias e, sobre todo, unha perda de calidade no servizo público educativo que repercute directamente no alumnado. Non é aceptable que o alumnado galego comece o curso sen todo o profesorado asignado ou con servizos básicos sen resolver.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia estableza un calendario de planificación estable, transparente e anticipado, que permita detectar as necesidades reais de cada centro ao remate do curso anterior e adoptar as decisións correspondentes durante os meses de verán, garantindo que o curso escolar se inicie en condicións óptimas e coa participación activa da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto o Goberno galego establecer un sistema de planificación anticipada do curso escolar que permita pechar as necesidades de persoal docente e non docente antes do comezo do curso escolar?
2. Que mecanismos de participación pensa establecer o Goberno galego para incorporar á comunidade educativa no proceso de planificación do curso?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:02:43
Nº Rexistro: 51281
Data envio: 19/02/2026 17:02:43.945

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 16:59:21

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 16:59:27

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:02:43
Nº Rexistro: 51281
Data envio: 19/02/2026 17:02:43.945

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:02:44

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:03:54
Nº Rexistro: 51285
Data envio: 19/02/2026 17:03:54.298

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Nos últimos cursos escolares, a comunidade educativa galega vén denunciando reiteradamente que o comezo das clases prodúcese con faltas de profesorado en numerosos centros, con especial incidencia en especialidades como Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación ou en determinadas materias da educación primaria e secundaria. Do mesmo xeito, repítense problemas derivados dunha planificación insuficiente das necesidades de transporte, comedor escolar ou dotación de persoal non docente.

A planificación do curso escolar non pode iniciarse no mes de setembro nin depender de axustes de última hora. Un sistema educativo rigoroso e eficaz require que, unha vez finalizado o curso académico, a Consellería de Educación realice unha avaliación pormenorizada das necesidades de cada centro educativo en materia de persoal docente e non docente, infraestruturas, servizos complementarios e atención á diversidade, de maneira que o novo curso comece con todos os recursos necesarios plenamente asignados.

Esta planificación debe realizarse en diálogo permanente coa comunidade educativa, co fin de coñecer de primeira man as necesidades reais de cada centro e garantir que as decisións adoptadas respondan á realidade do territorio e non a estimacións administrativas afastadas do día a día dos centros educativos.

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:59
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:59
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:03:54
Nº Rexistro: 51285
Data envio: 19/02/2026 17:03:54.298

PSG DE PSOE

A ausencia dunha planificación anticipada e consensuada provoca incerteza nas direccións dos centros, sobrecarga no profesorado, malestar nas familias e, sobre todo, unha perda de calidade no servizo público educativo que repercute directamente no alumnado. Non é aceptable que o alumnado galego comece o curso sen todo o profesorado asignado ou con servizos básicos sen resolver.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia estableza un calendario de planificación estable, transparente e anticipado, que permita detectar as necesidades reais de cada centro ao remate do curso anterior e adoptar as decisións correspondentes durante os meses de verán, garantindo que o curso escolar se inicie en condicións óptimas e coa participación activa da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para garantir que ningún centro educativo galego comece o curso sen todo o profesorado asignado?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:03:54
Nº Rexistro: 51285
Data envio: 19/02/2026 17:03:54.298

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 19/02/2026 16:59:34

Silvia Longueira Castro na data 19/02/2026 16:59:39

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:03:54
Nº Rexistro: 51285
Data envio: 19/02/2026 17:03:54.298

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 17:03:55

CSV: BOPGDSPG-ZeTJ5LPkw-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 17:05:13
Nº Rexistro: 51291
Data envio: 19/02/2026 17:05:13.448

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

